

**Referencia:** 36/2024

**Data:** 15 de abril de 2024

**Asunto:** NOTIFICACION SECRETARIO CMD CR - FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS G15109267

**Destinatario:** FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS

## NOTIFICACIÓN

Por medio do presente escrito notifícolle para o seu coñecemento que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, na sesión ordinaria que tivo lugar o 12-04-2024, tomou, entre outros, o acordo que de seguido se reproduce na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

### **3.- Aprobación, se procede, de convenio de uso de instalacións deportivas municipais entre o CMD e a Federación Galega de Judo e Disciplinas Asociadas para o ano 2024 (Exp. 36/2024)**

O Consello Reitor, de conformidade coa proposta que forma parte do expediente, por UNANIMIDADE dos seus membros (9 votos), acorda:

**Primeiro.-** *Aprobar o convenio de uso das instalacións deportivas municipais, nos termos convidados no mesmo para a o adestramento e competición en temporada anual con vixencia ata o 31 de decembro de 2024, entre o Consello Municipal de Deportes de Ourense e a FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS, con C.I.F: G15109267.*

**Segundo.-** *Notificar o acordo ao interesado, de conformidade co establecido polos artigos 40 a 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e empraalos para a sinatura do mesmo.*

**Terceiro.-** *Autorizar ao Presidente do Consello para a súa sinatura.*

**RÉXIME DE RECURSOS.-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

